



## **INDICE GENERAL**



### **CLASIFICACIÓN del MONTE:**

**Faro**

### **COMUNIDAD PROPIETARIA**

**BARRIO**

**LUGAR / PARROQUIA**

**Concello**

**Asperelo**

**RODEIRO**

- A) RESOLUCIÓN DE LA CLASIFICACIÓN INICIAL
- B) RESOLUCION DE LA MODIFICACIÓN DE SUPERFICIE
- C) CROQUIS O PLANOS DE LA CLASIFICACION
- D) PLANOS DEL DESLINDE
- E) CONVENIOS
- F) ACTOS DE DISPOSICIÓN
- G) RECURSOS ADMINISTRATIVOS
- H) SENTENCIAS JUDICIALES



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

**ASISTENTES**

**PRESIDENTE**

D. José A. López Rodríguez  
(Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente)

**VOCALIS**

Dn. Alfonso Castro Carrera  
(Avogado polo Colexio da provincia)  
D. Manuel Francisco Gutierrez  
(Xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais)  
D. Luis M<sup>a</sup> Muñios Vidueira  
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta)

**VOCALIS REPRESENTANTES DO LUGAR DE BARRIO, CONCELLO DE RODEIRO**

D. José Panadeiros Blanco  
D. José Rodríguez Jorge

**SECRETARIA**

Dna. Pilar Pita Ponte  
(Xefa de Sección do Servizo Técnico-Xurídico da Delegación de Medio Ambiente)

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día vinteoito de abril do 2004, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, réunese na 3<sup>a</sup> planta do edificio sito no n<sup>o</sup> 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación do monte "Faro" do lugar de Barrio, da parroquia de Asperelo, do concello de Rodeiro.

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO.-** Con data de entrada 23/02/01, D. José Panadeiros Blanco, D. Manuel Cambeiro García e D. José Rodríguez Jorge, na súa condición de veciños do lugar de Barrio, da parroquia de Asperelo, do concello de Rodeiro, e en representación dos mesmos, presentan solicitude de iniciación de expediente de clasificación do monte denominado "Faro" como veciñal en man común para os veciños do lugar de Barrio, acompañando informe técnico e pericial, describindo o monte, identificación, superficie, e signatures dos veciños do lugar.

**SEGUNDO.-** Con data 06/05/02 solicítase ó Servizo de Montes e Industrias Forestais informe previo, informe que é evacuado en data 01/09/02 e no que se fai constar o seguinte:

- "1.- Que o monte solicitado non se atopaba previamente clasificado.
- 2.- Que a cabida do monte (35 Has. aproximadamente) según os planos do informe pericial que acompaña a solicitude de clasificación, é correcta. Nembargantes, de acordo cos límites



XUNTA DE GALICIA  
XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN  
DE MONTES VECIÑAIS

BENITO CORBALE  
TELEF: 986 805 335 - 986 806 435  
36071 - PONTEVEDRA



REGISTRO DE MONTES VECIÑAIS  
EN MAN COMÚN  
PONTEVEDRA  
COTEXAÑO, É CONFORME CO ORIGINAL  
Data: 21 SEP 2004  
O FUNCIONARIO ENCARGADO

*proporcionados polo I.G.N. na súa cartografía a escala 1/25.000, unha parte do monte solicitado atópase fora do concello de Rodeiro.*

*3.- Sup. Aproximada non clasificada dentro do concello de Rodeiro: 33.9 Has."*

**TERCEIRO.-** Na reunión celebrada polo Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común o día 20 de febreiro do 2003 acordouse á vista do informe elaborado polo Servicio de Montes e I.F. incoar o expediente para a clasificación do monte, excluindo a parte do monte que se atopa fora dos límites do concello de Rodeiro, nomear instructor do mesmo a D. Luis M<sup>o</sup> Muíños Vidueira e a remisión do mesmo ó Servicio de Montes e Industrias Forestais ó obxecto de elabora-lo informe preceptivo, de conformidade co presc rito no artigo 20 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro.

**CUARTO.-** Á vista da documentación aportada polo solicitante e á vista do informe do Servicio de Montes e Industrias Forestais, o monte obxecto do presente expediente de clasificación obedece á seguinte descripción:

**CONCELLO: RODEIRO**  
**LUGAR: BARRIO**  
**PARROQUIA: ASPERELO**

**NOME DO MONTE: "Faro"**  
**Cabida: 340.000 M/2 (aproximadamente)**

**Lindes:**

**Norte:** Cortalumes que limita con monte dos veciños de Ourín

**Sur:** Monte dos veciños de Couso

**Leste:** Provincia de Lugo

**Oeste:** Cortalumes que separa de propiedades particulares de Manuel Cambeiro Blanco, Angel Cambeiro Bernárdez, Manuel Panadeiros Romay, M<sup>o</sup> Juana López Conde, Andrés Albor, Ramón Mazaira Meijomín, Silvino Fernández Bernárdez, Francisco Jorge Fafián, Valentín Aguiar, Isabel García Lois, Amancio Vence, Francisco Corzo Blanco, Antonio Corzo Bernárdez, Evaristo Corzo Lois e Josefa Conde

Atópase repoboado en toda a súa superficie, nembargantes arrededor de 4 ou 5 Has. foron obxecto dun incendio. Marco de plantación (3X2,5) m/2. Supostamente a repoboación fixose fai 15 anos.

**QUINTO.-** O Rexistrador da Propiedade de Lalín certifica con data 30 de setembro do 2003 que o monte solicitado non aparece inscrito a favor de persoa algunha.

**SEXTO.-** Feita-las comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto período de audiencia non se presentaron alegacións.



## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro:** O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común. Expedientes que se iniciarán, de conformidade co establecido no artigo 19 do Decreto 260/1992 polo que se aproba o Regulamento da Lei 13/89 a instancia, entre outros, de calquera veciño ou grupo de veciños, circunstancia que concorre no solicitante.

**Segundo.-** De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 260/1992 do 4 de setembro comprende por montes veciñais en man común *"... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de vecinos"*.

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

**Terceiro.-** O uso en man común do monte "Faro" tense suficientemente acreditado polo informe do Servizo de Montes e Industrias Forestais, principalmente o informe do 4 de setembro do 2003, no que se constata o aproveitamento por parte dos veciños do monte solicitado ó indicar que dito monte *"... está repoblado en toda su superficie ..."*, así como polas sinaturas dos veciños do lugar. Sen que no trámite de audiencia se formule oposición ningunha.

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, propónse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**

**CLASIFICAR como veciñal en man común o monte "Faro", a favor do lugar de Barrio, da parroquia de Asperelo, do concello de Rodeiro de acordo coa descrición reflectida no feito cuarto e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución.**



XUNTA DE GALICIA  
XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN  
DE MONTES VECIÑAIS

BENITO GONZÁLEZ 47-87  
TELEF: 806 806 335 - 806 806 436  
36071 - PONTEVEDRA



REGISTRO DE MONTES VECIÑAIS  
EN MAN COMÚN  
PONTEVEDRA  
COTEXADO, É CONFORME CO ORIGINAL  
Data: 21 SEP 2004  
O FUNCIONARIO ENCARGADO

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.




*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*



TA EN TA

*Handwritten signature or initials*

Cancello

PROVINCIA DE LUGO  
de Ch. A. J.